XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Francisco Asorey
Rúa Os Caeiros,25
Cambados

I.E.S. Asorey

ELECCIÓNS DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 27 de agosto de 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG 04/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar**, SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un pai/nai/titor legal,** dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **14:00 horas do día 9 de novembro de 2026**.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as **14'00 horas do citado día 3 de novembro.**

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día **4 de novembro, ás 10:00 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, dous titulares e dous suplentes, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 16 ao 18 de novembro, ambos días incluídos. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- **Os días do 11 ao 17 de novembro celebraranse as votacións telemáticas** dos representantes das familias polo espazo Abalar, das 0.00hs do día 11 ate as 23.59hs do día 17

8.- **As votacións presenciais realizaranse neste IES o día 24 de novembro, de 18:30 a 20:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 18:15 horas.

9.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un **máximo dun nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

10.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

11.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

12.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Cambados, 23 de outubro de 2026
O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN · I.E.S. "F. ASOREY" · CAMBADOS

Asdo.: David Touceda Bugallo